

RESOLUCIÓN REITORAL DO 12/06/2020 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS NO ÁMBITO DA TUTELA ACADÉMICA DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO E A POSIBILIDADE DE SOLICITAR UNHA PRÓRROGA ESPECIAL COMO CONSECUENCIA DA COVID-19

A declaración do estado de alarma, a paralización da actividade presencial, a suspensión de trámites e prazos e a situación xeral derivada da pandemia fan aconsellable establecer medidas extraordinarias sobre a titorización académica durante este período.

Deste xeito, considerase necesario implementar dúas medidas para intentar paliar os efectos negativos desta situación. Por unha banda, procede acordar que non se compute como tempo de permanencia no programa de doutoramento o período no que estiveron suspendidos os prazos e trámites administrativos e, por outra, establecer a posibilidade de petición dunha prórroga especial derivada da situación da COVID-19.

Se ben a realización da tese de doutoramento é un traballo autónomo que debe realizar o doutorando ou doutoranda, a suspensión da actividade universitaria durante o período da pandemia puido ter efectos negativos sobre a realización dalgunhas teses debido á imposibilidade de acceso ás instalacións necesarias para o desenvolvemento dos traballos de investigación (laboratorios, arquivos, museos etc) e/ou non se puideron realizar consultas de datos etc. A reanudación parcial do acceso ás instalacións da USC con data do 8 de xuño de 2020, como consecuencia do paso á fase III da Comunidade Autónoma de Galicia, permite eliminar unha boa parte dos problemas do alumnado de doutoramento afectado por estas circunstancias, pero non sempre o acceso a elementos esenciais da investigación pode considerarse resolto. Tendo en conta estas dúas circunstancias, acórdase a posibilidade de solicitar unha prórroga especial, que debe ser xustificada e limitada no tempo de solicitude.

Por último, é necesario regulamentar o suposto do alumnado de doutoramento que iniciou os seus estudos no segundo cuatrimestre, establecendo unha prórroga na obriga de presentación do seu Plan de Investigación e de avaliación da súa actividade.

Por todo o anterior, esta Reitoría RESOLVE:

Primeiro.- COMPUTO DO TEMPO DE PERMANENCIA NO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO COMO CONSECUENCIA DA COVID-19

Non se considerará tempo consumido para a realización dos estudos de doutoramento o período comprendido entre o 14 de marzo e o 31 de maio de 2020.

A eliminación deste período de cómputo de permanencia realizarase de oficio. Non obstante o anterior, tendo en conta a posible realización de actividades neste período, o alumnado que o solicite á Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) pola sede electrónica <https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm> poderá renunciar a esta suspensión do cómputo a todos os efectos.

Segundo.- PRÓRROGA ESPECÍFICA

Os doutorandos e doutorandas que tiveran activa a matrícula de tutela académica no curso 2019-2020 poderán solicitar unha prórroga específica cando as súas circunstancias lle teñan impedido realizar o núcleo esencial da súa actividade investigadora con posterioridade ao 1 de xuño de 2020.

Neste caso deberán acreditarse os motivos de forma fehaciente. Realizada a solicitude pola secretaria virtual do doutorando ou doutoranda mediante o trámite de baixa temporal, solicitarase informe ao Programa ao que pertenza e resolverase en consecuencia.

O prazo de solicitude iniciarase o 15 de xuño de 2020 e rematará o 30 de xuño de 2020.

O prazo máximo de concesión será ata o 1 setembro de 2020.

Terceiro.- ALUMNADO QUE INICIOU OS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NO SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

O alumnado matriculado por primeira vez no período de tutela académica no presente curso académico deberá presentar antes do 30 de setembro de 2020 o seu Plan de Investigación.

A avaliación deste alumnado realizarase entre o 1 e o 8 de outubro do 2020, con independencia da concesión ou non dunha prórroga establecida nesta Resolución.

Disposición final.-

A presente Resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC

O Reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

TABOLEIRO ELECTRÓNICO DA USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
12/06/2020 19:12:30.

CSV: B164-4B1F-44E3-BD45